



Concello de Vigo

YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión extraordinaria e urxente do 9 de xuño de 2022**, adoptou o seguinte acordo:

5.- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O LOTE 5 DO PROCEDIMENTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DE SOPORTE DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS”. EXPTE. 9176/335.

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 8/06/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación (DECLARACIÓN DESERTO LOTE 5)

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas” (9.176-335) (lote 5)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas” (9.176-335) (lote 5)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas” (9.176-335).

Segundo.- A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 8 de xuño de 2022, acordou excluír do lote 5 deste procedemento aos dous licitadores presentados, PREMIUMGUEST, S.L. e TEUTICKET 2021, S.L, por exceder as súas ofertas os prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/06/2022 10:18	Páxina 1 de 2
9176-335	CSV: A4AHAE-8H2134-E22HA6-BZ7QLA-F9E687-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que os dous licitadores admitidos no lote 5 foron excluídos do procedemento por exceder dos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP (motivo de exclusión recollido no apartado 7B ("*As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G desta FEC. En caso contrario, serán excluídas*"), procede declarar deserto este lote.

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*"Declarar deserto o lotes 5 "Organización do sistema de entrada" do procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (9.176-335) porque os dous licitadores admitidos excederon nas súas ofertas os prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP (motivo de exclusión recollido no apartado 7B ("*As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G desta FEC. En caso contrario, serán excluídas*"))".*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/06/2022 10:18	Páxina 2 de 2
9176-335	CSV: A4AHAE-8H2134-E22HA6-BZ7QLA-F9E687-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		